

Casa Azul
R/ Sor Lucía 2-4
PONTEVEDRA

Xoves 31 de outubro
10 a 14 horas

A cargo de:

María Solla, Psicóloga de AFAPO

Lara Argibay, Traballadora social de AFAPO

ENTRADA LIBRE A GA COMPLETAR AFORO

Máis info: info.fadeal@gmail.com / 610 437 895

Programa realizado pola Federación Atlántica de Asociacións de Familiares de Persoas con Alzheimer e outras Demencias (FADEAL) en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra

ALZHEÍMER DE PRETO

Formación sobre Alzheimer e outras demencias: *para cuidadores/as familiares, persoas con recente diagnóstico e público interesado*



PONTEVEDRA

Colabora:




**Concello
de Pontevedra**



“Alzhéimer de preto”

pretende realizar unha sesión informativa en cada un dos 61 concellos da provincia e comezar a romper as barreiras que moitas veces se atopan as persoas que viven no rural.

Nestas sesións ofrecerase unha primeira aproximación á enfermidade e a súa evolución, as pautas que poidan facilitarlle o día a día ás familias cuidadoras, ademais de asesoramento sobre os recursos dispoñibles.



Na provincia de Pontevedra estímase que hai 18.629 persoas con alzhéimer ou outro tipo de demencia neurodexenerativa.

Na actualidade, as demencias afectan ao 12,5 % das persoas maiores de 65 anos e ao 31,25 % das que superan os 85 anos.

Trátase dunha doenza que afecta a toda a súa contorna sociofamiliar (a persoa cuidadora principal inviste unha media de 60 horas semanais nesta tarefa).

Moitas destas persoas residen en poboacións rurais, e en bastantes ocasións carecen dun servizo especializado para seren atendidas.



Persoas destinatarias

- ✓ Familias ou persoas cuidadoras principais dunha persoa diagnosticada de alzhéimer ou dalgunha outra demencia
- ✓ Persoas diagnosticadas, en fase moi temperá e aínda conscientes do seu diagnóstico
- ✓ Público en xeral que teña inquietanzas sobre esta enfermidade

Contidos da sesión informativa

Área sanitaria (2 horas)

- Diagnóstico
- Factores de alarma
- Pautas de comportamento
- Tratamentos farmacolóxicos
- Avances en investigación

Área social (2 horas)

- Tratamentos non farmacolóxicos
- Recursos de apoio psicolóxico
- Recursos sociais
- Recursos xurídicos